

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

RESOLUCIÓN do 4 de marzo de 2025, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes da Resolución do 30 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência non competitiva, de subvencións correspondentes a programas de actuación en favor das entidades galegas no exterior e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento PR924B).

Mediante a Resolución do 30 de decembro de 2024 (DOG núm. 25, do 6 de febreiro de 2025), reguláronse e convocáronse as subvencións correspondentes a programas de actuación en favor das entidades galegas no exterior para o exercicio 2025.

No artigo 7 da devandita resolución establécese un prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para a presentación de solicitudes, prazo que remata o vindeiro día 6 de marzo.

As especiais circunstancias sociopolíticas e económicas concorrentes actualmente nos países onde residen a maioría das persoas da colectividade galega no exterior e o cambio na forma de presentación das solicitudes están provocando grandes dificultades a esas persoas para poder reunir a documentación necesaria e para a presentación das súas solicitudes.

Xa que logo, tendo en conta esas circunstancias resulta aconsellable ampliar o prazo de presentación de solicitudes, o cal non prexudica dereitos de terceiras persoas.

Con carácter xeral, o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), prevé a posibilidade de que a Administración poida conceder unha ampliación dos prazos establecidos se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiras persoas, por un período que non exceda a metade dos ditos prazos. Os acordos sobre ampliación non serán susceptibles de recurso.

Por todo o cal, de conformidade co disposto no artigo 32 da LPACAP e o resto da normativa aplicable,

RESOLVO:

Artigo único. *Ampliación do prazo de presentación de solicitudes*

Ampliar o prazo de presentación de solicitudes previsto no artigo 7 da Resolución do 30 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en

CVE-DOG: xgpf8zx8-db61-brj0-m815-i5lko77cx6k2



réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións correspondentes a programas de actuación en favor das entidades galegas no exterior, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, ata o 21 de marzo de 2025, inclusive.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2025

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

CVE-DOG: xgpf8zx8-db61-brj0-m815-i5lko77cx6k2

